

Completa o texto de Locke

A lei natural segundo John Locke

Instruccións

Completa o texto reenchendo cada recadro coa palabra axeitada, que debes elixir entre as palabras propostas na lista que se che ofrece. Coidado coa ortografía, xa que a falta de acentos ortográficos, por exemplo, ou a súa colocación equivocada, ou a confusión de letras maiúsculas e minúsculas, devolverá un erro. As palabras propostas poderían ter que estar dúas veces no texto.

Se o teu teclado non posúe a letra "ñ" obterás tamén un resultado erróneo, o que podes evitar copiando e pegando a palabra en cuestión no recadro correspondente; noutro caso, mira as respostas correctas e, (só se a ausencia do "ñ" é a causa do erro), considera válida a túa resposta.

Exercicio

Lista de palabras (14)

“cumprimento, observada, transgresores, dereito, van, dano, igualdade, poder, conservación, inocentes, lei, castigar, todos, dereitos”

E para impedir que os homes atropelen os _____ dos demais, que se danen reciprocamente, e para que sexa _____ a lei da Natureza, que busca a paz e a _____ de todo o xénero humano, púxose en mans de _____ os homes, dentro dese estado, a execución da _____ natural; por iso ten calquera o dereito de castigar aos _____ desa lei cun castigo que impida a súa violación. Sería _____ a lei natural, coma todas as leis que se relacionan cos homes neste mundo, se no estado natural non houbo ninguén con _____ para facela executar, defendendo dese modo aos _____ e poñendo un obstáculo aos culpábeis, e se un home pode, no estado de Natureza, _____ a outro por calquera _____ que faga, todos os homes terán este mesmo dereito, por ser aquel un estado de _____ perfecta, no que ningún ten superioridade ou xurisdición sobre outro, e todos deben ter _____ a facer o que un calquera pode facer para impoñer o _____ de dita lei.

Solución

E para impedir que os homes atropelen os **[dereitos]** dos demais, que se danen reciprocamente, e para que sexa **[observada]** a lei da Natureza, que busca a paz e a **[conservación]** de todo o xénero humano, púxose en mans de **[todos]** os homes, dentro dese estado, a execución da **[lei]** natural; por iso ten calquera o dereito de castigar aos **[transgresores]** desa lei cun castigo que impida a súa violación. Sería **[van]** a lei natural, coma todas as leis que se relacionan cos homes neste mundo, se no estado natural non houberse ninguén con **[poder]** para facela executar, defendendo dese modo aos **[inocentes]** e poñendo un obstáculo aos culpábeis, e se un home pode, no estado de Natureza, **[castigar]** a outro por calquera **[dano]** que faga, todos os homes terán este mesmo dereito, por ser aquel un estado de **[igualdade]** perfecta, no que ningún ten superioridade ou xurisdición sobre outro, e todos deben ter **[dereito]** a facer o que un calquera pode facer para impoñer o **[cumprimento]** de dita lei.